

O FOTÓGRAFO DO PÁNICO

Michael Powell, 1960

1154

ESTREA EN NUMAX: 14.08.2023 | V.O.S.E. | 109 min

Böhm interpreta a un psicópata que filma as súas vítimas mentres morren, un fotógrafo posuído pola alucinación e marcado pola súa infancia. Seu pai, un científico obsesionado por estudar as reaccións infantís ante o medo, esnaquizou a súa psique e converteuno nun adulto acomplexado. O personaxe precisa matar e fixar en imaxes o terror que senten as súas vítimas. Por iso exerce a profesión de fotógrafo, para encubrir os seus plans e poder satisfacer os seus afáns morbosos sen suscitar sospeitas.

«Unha das primeiras, e aínda unha das mellores, viaxes á mente dun psicópata»

David Parkinson, EMPIRE



O FOTÓGRAFO DO PÁNICO

Michael Powell, 1960

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Os mecanismos da mirada

Por Laura Mulvey

O fotógrafo do pánico foi realizado en 1959 polo director británico Michael Powell. Non é só un filme extraordinario senón que ten unha historia extraordinaria. Tras a súa estrea recibiu críticas devastadoras pero co paso dos anos pasou a ser recoñecida como unha das maiores obras do cinema británico e, por extensión, da historia do cinema. O propio Powell ten comentado que a pésima recepción do filme foi unha das causas do ocaso da súa carreira e recordaba ben os insultos recibidos: “O único xeito verdadeiramente satisfactorio de desfacerse d'*O fotógrafo do pánico* é tiralo ao sumidoiro máis próximo. Mesmo así o cheiro había permanecer”. Ou “o filme máis enfermo e sucio que recordo ter visto”. Gradualmente, adquiriu unha reputación de obra de culto pero as copias eran difícil de conseguir. O traballo de críticos, arquivistas e historiadores foi clave para que volvese circular, entres eles Martin Scorsese que mercou unha copia do filme para que fose exhibida no Festival de Nova York.

E por que esta terrible acollida? Cómpre remontarse tanto á historia da cultura cinematográfica británica como á súa crítica de cinema. *O fotógrafo do pánico* trata abertamente e xa desde o seu título o sadismo voyeurista. O seu personaxe principal é un mozo camarógrafo o que sitúa esta historia da perversión *voyeurista* na industria do cinema e na propia esencia desta arte, poñendo en primeiro plano os seus mecanismos da mirada e a fenda de xénero que separa o observador anónimo (home), do obxecto da súa mirada (muller). O propio *voyeurismo* do espectador do cinema faise evidente polo feito de que se identifica co pervertido protagonista. É esta implacable exposición das convencións do cinema o que atraeu o interese das críticas de cinema feministas e a recente aplicación da teoría psicanalista no cinema releva claramente o marco referencial do filme.

Trátase dun filme de moitas capas e máscaras, os seus primeiros revisores nin sequera puideron entendelo. Enraizados nas tradicións do realismo inglés, viron simplemente un filme inmoral emprazado nun ambiente realista sen decatarse de que o filme crea un espazo máxico para a súa ficción, nalgún lugar entre a lente da cámara e a luz do proxeccionador na pantalla.

Michael Powell sempre perturbou e mudou os límites convencionais do cinema. Na década dos 30 e 40, deu entrada á industria británica ás influencias cosmopolitas traídas polos refuxiados europeos. Powell introduciuse no cinema en Francia, traballando para o gran director mudo estadounidense Rex Ingram. A súa colaboración con Emeric Pressburger, na compañía The Archers, deu lugar aos seus filmes máis exitosos e orixinais. A historia d'*O fotógrafo do pánico* é unha mostra das tribulacións que sufriron os cineastas e produtores independentes para preservaren a súa autonomía creativa na industria británica.

(...) *O fotógrafo do pánico* é un resumo da vida de Powell no cinema, das súas polémicas e decepcións. O proxecto de Powell era facer visible na pantalla o intuitivo, o oculto da vida humana, a través de filmes compostos a partir de todos os elementos do cinema. É tarefa do espectador descifrar o xeroglífico que o *voyeur* pode ver pero non entender.

Publicado en criterion.com
Tradución do inglés.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Los cuentos de Hoffman
Emeric Pressburger e
Michael Powell.
a contracorrientefilms [DVD]

Narciso negro,
Michael Powell e Emeric
Pressburger.
Divisa [DVD]

*Cine, interculturalidad y
políticas de género,*
Giulia Colaizzi, Noël
Burch, Teresa de Lauretis,
Margarita Millán, Laura
Mulvey, Paula Rabinowitz
Cátedra, 2021